

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

- 5772** *Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017.*

O artigo 16.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos cuadriennais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, agás os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade.

O artigo 1 do Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013, establece a súa vixencia ata o 30 de xuño do ano 2013.

A este respecto, aínda que a disposición transitoria primeira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, establece que os efectivos máximos previstos no seu artigo 16.2 de oficiais xenerais e coroneis se deberían alcanzar antes do 30 de xuño de 2013, a disposición adicional décimo quinta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, autorizou o Goberno para estender ata o período cuadrienal de cadros de persoal 2013-2017 o proceso de axuste establecido na citada disposición transitoria.

Igualmente, por unha banda, as disposicións transitorias cuarta.16 e quinta.8 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, habilitan o ministro de Defensa para determinar os cadros de persoal das escalas para extinguir de oficiais e os cadros de persoal dos militares de complemento, diferenciando os de militares de carreira; e, por outra banda, a disposición derogatoria única.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, mantén en vigor a disposición transitoria terceira, réxime do persoal de escalas para extinguir, da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Na tramitación, sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de maio de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Aprobación dos cadros de persoal.

1. Apróbanse os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais, militares de carreira, por corpos, escalas e empregos, agás os correspondentes aos dous primeiros empregos, que se inclúen no anexo e que terán vixencia desde o día 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2017, ambos os dous incluídos.

A distribución faise en ciclos anuais que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Ademais dos anteriores, existirá o cadre de persoal indistinto de oficiais xenerais para dotar os postos que non estean expresamente asignados a un corpo determinado nos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, e nos demais organismos do Ministerio de Defensa, que se inclúe no anexo.

Artigo 2. Efectivos máximos por empregos.

Os cadros de persoal que se establecen representan os efectivos máximos en cada emprego durante cada un dos ciclos anuais e inclúen todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspensión de funcións.

Artigo 3. Amortización de excedentes.

Os excedentes de cadre de persoal que existan en todo momento nos distintos empregos e escalas en relación cos cadros de persoal aprobados por este real decreto amortizaranse, de acordo co fixado no artigo 16.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e non se levarán ao ascenso as seguintes vacantes:

- a) Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, a primeira que se produza de cada dous.
- b) Nos restantes empregos, a primeira que se produza de cada tres.

Disposición adicional única. *Empregos de contralmirante e xeneral de brigada da Armada.*

O xefe do Estado Maior da Armada poderá decidir, motivadamente e con expresión das necesidades do servizo que o xustifiquen, o incremento do cadre de persoal de contralmirante do corpo xeral da Armada, co conseguinte crecemento do de xeneral de brigada do corpo de infantaría de mariña, ou viceversa, sempre que permaneza invariada a suma de ambos os dous cadros de persoal establecidos no anexo, os cales non poderán ser alterados por esta vía nin nun sentido nin no contrario en máis de dous efectivos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. O ministro de Defensa determinará anualmente, en ciclos que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte, os cadros de persoal por corpos, escalas e empregos das escalas de oficiais que se van extinguir conforme a disposición transitoria cuarta.16 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; os cadros de persoal por empregos dos militares de complemento adscritos aos diversos corpos e escalas, diferenciando as dos militares de carreira, de conformidade coa disposición transitoria quinta.8 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e os cadros de persoal das escalas que se van extinguir conforme a disposición transitoria terceira da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Os efectivos asignados nestes cadros de persoal aos empregos de tenente coronel, comandante, subtenente e brigada, nos corpos que se determinen, deduciranse dos cadros de persoal aprobados polo artigo 1 deste real decreto para os ciclos anuais e empregos correspondentes.

2. Autorízase o ministro de Defensa para modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais de cada período anual establecidos no anexo, no sentido de diminuír os de tenente xeneral/almirante en aumento dos de xeneral de división/vicealmirante e de diminuír os previstos para este emprego aumentando os de xeneral de brigada/contralmirante, sen que se produza variación no número máximo de oficiais xenerais.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de maio de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE

ANEXO

Cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017**A) Exército de Terra****1. Corpo xeral**

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de exército.....	1	1	1	1				
Tenente xeneral	8	8	8	8				
Xeneral de división.....	18	17	17	17				
Xeneral de brigada.....	44	45	43	41				
Coronel.....	475	502	508	472				
Tenente coronel	1.520	1.520	1.520	1.520				
Comandante.....	1.864	1.858	1.839	1.812				
Suboficial maior					202	204	206	208
Subtenente.....					4.259	4.259	4.259	4.259
Brigada.....					4.483	4.435	4.371	4.271

2. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división.....	1	1	1	1
Xeneral de brigada.....	3	3	3	3
Coronel.....	40	37	36	33
Tenente coronel	172	172	172	167
Comandante.....	152	152	152	148

3. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división.....	1	1	1	1				
Xeneral de brigada.....	2	2	2	2				
Coronel.....	22	23	22	22				
Tenente coronel	70	69	67	67	6	6	5	5
Comandante.....	64	59	56	49	30	30	32	36

B) Armada

1. Corpo xeral

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Almirante xeneral	1	1	1	1				
Almirante	4	4	4	4				
Vicealmirante	8	8	8	8				
Contralmirante	11	11	10	9				
Capitán de navío	127	129	135	126				
Capitán de fragata	308	320	331	337				
Capitán de corveta	469	463	462	459				
Suboficial maior					82	76	71	64
Subtenente					1.065	1.058	1.051	1.040
Brigada					1.230	1.215	1.200	1.185

2. Corpo de infantaría de mariña

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división	1	1	1	1				
Xeneral de brigada	3	3	3	2				
Coronel	35	36	36	34				
Tenente coronel	83	87	88	88				
Comandante	110	110	112	112				
Suboficial maior					12	12	12	12
Subtenente					154	161	169	175
Brigada					194	193	192	191

3. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división	1	1	1	1
Xeneral de brigada	2	2	2	2
Coronel	30	28	27	28
Tenente coronel	66	66	67	69
Comandante	78	79	80	82

4. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Vicealmirante	1	1	1	1				
Contralmirante	3	2	2	2				
Capitán de navío	24	25	22	21				
Capitán de fragata	43	41	39	38	0	0	1	1
Capitán de corveta	43	43	42	42	4	5	6	9

C) Exército do Aire

1. Corpo xeral

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de exército.....	1	1	1	1				
Tenente xeneral	4	4	4	4				
Xeneral de división.....	10	10	9	9				
Xeneral de brigada.....	14	12	12	11				
Coronel.....	151	150	147	145				
Tenente coronel	341	351	361	371				
Comandante.....	443	444	445	446				
Suboficial maior					127	124	121	118
Subtenente.....					1.575	1.569	1.562	1.554
Brigada.....					2.117	2.084	2.050	2.013

2. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división.....	1	1	1	1
Xeneral de brigada.....	2	2	2	2
Coronel.....	19	18	17	16
Tenente coronel	57	57	57	57
Comandante.....	64	64	64	64

3. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división.....	1	1	1	1				
Xeneral de brigada.....	2	2	2	2				
Coronel.....	16	15	14	13				
Tenente coronel	32	32	31	31	7	7	7	7
Comandante.....	32	32	32	32	88	86	84	82

*D) Corpos comúns das Forzas Armadas**1. Corpo xurídico militar*

Empregos	Escala de oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral conselleiro togado.....	3	3	3	3
Xeneral auditor	8	7	7	7
Coronel.....	28	28	27	26
Tenente coronel	69	69	69	69
Comandante.....	74	74	74	74

2. Corpo militar de intervención

Empregos	Escala de oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división	2	2	2	2
Xeneral de brigada	4	4	3	3
Coronel.....	25	25	25	25
Tenente coronel	62	62	62	62
Comandante.....	86	84	79	78

3. Corpo militar de sanidade

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Oficiais enfermeiros			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Xeneral de división	1	1	1	1				
Xeneral de brigada	9	9	9	8				
Coronel.....	95	94	93	88				
Tenente coronel	418	403	387	370	10	11	11	12
Comandante.....	419	396	364	331	70	72	75	77

4. Corpo de músicas militares

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Coronel.....	1	1	1	1				
Tenente coronel	5	5	5	5				
Comandante.....	10	10	10	10				
Suboficial maior					28	27	26	25
Subtenente.....					150	148	146	144
Brigada					153	152	151	150

E) Cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais

Ciclo	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Oficiais xenerais	44	43	42	40